



O Grupo Municipal de Rianxo en Común, representado por Julián Bustelo Abuín, e o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, representado por Óscar Rial Lago, suscriben o presente Acordo.

En relación ás **dedicacións dos integrantes do Goberno de Rianxo en Común** os grupos acordan fixar o seguinte:

- Julio Alcalde Hermo (Primeiro Tenente de Alcalde): 19.000€ brutos anuais. Maniféstase o compromiso de que o Primeiro Tenente de Alcalde efectúe, cando menos, un 70% da xornada e que substitúa ao Alcalde, co 100% da xornada, cando este teña que ausentarse.
 - Ana Vidal Fungueiriño (Segunda Tenente de Alcalde): 16.000€ brutos anuais.
 - José Alberto Angueira Gómez: 16.000€ brutos anuais.

En relación ao **Plan Complementario do ano 2024**, os dous grupos municipais comprométese a buscar unha proposta consensuada na que os interese programáticos das dúas formacións se vexan representados a partes iguais. Así as cousas, en base á contía que fixe a Deputación da Coruña, estableceranse un calendario de traballo para determinar e desenvolver o proxectos a presentar.

En relación ao **Orzamento 2024**, ambas formacións se comprometen a buscar un entendemento que lle permita ao Concello de Rianxo contar cuns orzamentos para o exercicio en curso. Con esa finalidade, ámbalas dúas formacións participarán de forma activa na confección dos mesmos e establecerase un calendario de xuntanzas de traballo.

Como **liñas estratéxicas de traballo** a abordar de maneira conxunta durante os vindeiros meses:

- Abordar a modificación do acordo asinado co Concello de Boiro en materia de servizos sociais.
- Constitución dunha mesa de traballo coa finalidade de que ambas formacións desenvolvan unha proposta de Plan Concilia Municipal.

- Revisións das subvencións nominativas que perciben as entidades deportivas municipais, apostando por un modelo de concorrencia competitiva. Revisarase á alza e de maneira equitativa os importes que as diversas entidades perciben.
 - Revisar as bases das axudas escolares municipais.
 - Abordar o proceso de licitación do servizo de abastecemento de auga e saneamento.
 - Abordar o proceso de licitación do servizo de recollida do lixo e limpeza viaria.
 - Abordar a creación da Coordinadora de Anpas.
 - Convocatoria do Consello Escolar Municipal antes da finalización do curso 2023-2024.
 - Convocatoria da Mesa de Comercio Local durante o mes en curso.
 - Seguimento do proxecto de construción dunha residencia pública no noso municipio.

Este acordo, en vigor ata o 31 de decembro do 2024, será de acceso público a través das ferramentas que proceda.

Julián Bustelo Abuín

Óscar Rial Lago

Rianxo, a 2 de abril de 2024.